



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente administrativo núm. 2023/G010/000013

### CONVOCATORIA

Pola presente, consonte ó establecido nos artigos 41.4 e 80 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986, de 28 de novembro, convócase aos/ás concelleiros/as da corporación deste concello, para que asistan á sesión ordinaria, que vai celebrar o Pleno da Corporación o vindeiro **xoves día 30 de novembro de 2023, ás 20:00 horas** no Salón de Sesións da Casa Consistorial, segundo a Orde do Día que se cita.

### ORDE DO DÍA

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior de data 28/09/2023
2. Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 11/2023 relación F/2023/43, recoñecemento e pago de facturas. Expte. núm. 2023/X998/000221
3. Aprobación en canto á resolución de discrepancias e levantamento de repara núm. 19/2023, recoñecemento e pago de facturas relación F/2023/46. Expte. núm. 2023/X998/000237
4. Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 12/2023 relación F/2023/48 recoñecemento e pago de facturas. Expte. núm. 2023/X998/000240
5. Aprobación da terminación convencional P.O. núm. 4125/2021 seguido ante a sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, relativo á aprobación do Plan Parcial do sector de solo urbanizable S.UBLE. D-1 do PXOM de Laxe. Expte. núm. 2021/Q002/000002
6. Aprobación da retribución de VIAQUA, SLU para 2023. Expte. núm. 2022/X998/000294
7. Mocions dos grupos municipais:
  - 7.1. Moción presentada polo PP de Laxe con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día internacional da eliminación de violencia contra as mulleres
  - 7.2. Moción presentada polo BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista
  - 7.3. Moción presentada por UNIDAS-PODEMOS para a intervención da propiedade abandonada por parte da SAREB na rúa Rosalía de Castro, 30
  - 7.4. Moción presentada por UNIDAS PODEMOS para o incremento do arborado municipal

#### B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

8. Dación conta decretos de Alcaldía.
9. Dación conta da execución orzamentaria do 3º trimestre de 2023
10. Asuntos de urxencia.
11. Rogos e preguntas.
  - 11.1 Preguntas formuladas por UNIDAS-PODEMOS
    - 11.1.1. O pasado 10 de novembro, o conselleiro do Mar Alfonso Villar visitou o Porto de Laxe. Segundo a información aparecida en prensa, informou sobre o consenso acerca de certos punto que se trataron nunha reunión mantida entre membros do consistorio municipal e José Antonio Álvarez, presidente da Entidade Portuaria. ¿En que consiste o proxecto de reordenación e restricción do tráfico rodado ó Porto de Laxe, así como a ubicación do control de accesos?

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

11.2.2. O pasado 16 de outubro, o alcalde-presidente desta corporación mantivo unha reunión co director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo na que analizaron as posibilidades de declarar en Laxe un área de rehabilitación integral, asunto que puxo sobre a mesa a coalición que eu represento. ¿Que pasos vai seguir o equipo de Goberno nesta materia? ¿Ten, o equipo de Goberno, algunha decisión acerca da adhesión do Concello de Laxe á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, como propuxen do pasado pleno ordinario?

A documentación íntegra dos asuntos incluídos nesta orde, atópase a disposición dos mencionados concelleiros/as, dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe, *na data da sinatura incluída á marxe.*

O alcalde, José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García